

Do texto manuscrito ao texto crítico: a cuestión métrica

Section 13-Philologie textuelle et éditoriale

Mariña Arbor Aldea-Universidade de Santiago de Compostela

Na edición dos textos líricos profanos galego-portugueses obsérvase unha aplicación moi variable da metodoloxía crítica, e, en particular, un manexo bastante impreciso e flutuante dos criterios que sustentan as denominadas fases de *selectio* e *emendatio*: *lectio difficilior*, *usus scribendi*, *conformatio textus* e *res metrica*. No que se refire á *emendatio*, a revisión das edicións críticas publicadas mostra que os estudosos afrontan os problemas ecdóticos, e, en concreto, os que están vinculados á métrica, seguindo criterios de conservación ou de emenda da lección manuscrita que se revelan contraditorios de editor a editor, que non sempre se xustifican de modo conveniente desde o punto de vista teórico e que, sobre todo, parecen inconsecuentes cos principios métricos que rexen esta poesía e cos usos que se observan nos manuscritos, que aínda non mereceron unha abordaxe exhaustiva por parte dos especialistas.

A análise que, noutra sede (Arbor Aldea, 2010, 2011, 2012 [no prelo]), realizamos sobre os problemas de hipermetría e hipometría que se verifican nos textos que envía o *Cancioneiro da Ajuda* –datado entre finais do século XIII e inicios da seguinte centuria– e na lección que, para eses poemas, ofrecen o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional* e o *Cancioneiro da Vaticana* –copiados en Italia no século XVI– mostrounos que as deficiencias métricas que afectan os versos encontran, na súa gran maioría, unha explicación satisfactoria nos diferentes tipos de faltas que os amanuenses cometen durante o proceso de copia. Esta análise forneceunos, así mesmo, unha serie de criterios que, atendendo xustamente á tipoloxía dos erros de copia, aos datos que achegan as múltiples notas de revisión escritas nas marxes de *A* e á variación lingüística, permiten abordar con coherencia e rigor a fase de *constitutio textus*, e, en particular, a emenda daqueles versos que suscitan a controversia, versos que deben ser corrixidos dado que, como os estudos antes citados revelan, o principio da isometría parece ser o que estrutura e caracteriza a *cantiga de amor*.

Partindo destas premisas, neste relatorio marcámonos como obxectivo completar a análise realizada sobre *A* e *BV* abordando o estudo das leccións que envían os denominados *Pergamiño Vindel* e *Fragmento Sharrer*, manuscritos copiados en época trobadoresca e que introducen no seo do debate un xénero novo, a *cantiga de amigo*, e un elemento de importancia fundamental: a música. Poderemos así, e á luz dos datos obtidos, confirmar, matizar ou refutar as propostas teóricas e de aplicación práctica que emanaron dos traballos referidos nas liñas precedentes e da bibliografía ata aquí publicada sobre este argumento, sobre todo no que atinxe á *emendatio* dos versos afectados por posibles deficiencias métricas.

BIBLIOGRAFÍA

Arbor Aldea, M. (2008): “Metro, lírica profana galego-portuguesa e práctica ecdótica: consideracións á luz do *Cancioneiro da Ajuda*”, in M. Ferreiro, C. P. Martínez Pereiro e L. Tato Fontaiña (eds.), *A edición da Poesía Trobadoresca en Galiza*, A Coruña: Baía Edicións, pp. 9-38.

Arbor Aldea, M. (2010): “A fronte a *BV*: *res metrica* e *varia lectio* (I)”, in *Líneas y pautas en el estudio de la literatura medieval y renacentista. III Congreso Internacional de la Semyr (Oviedo, 27-30 de septiembre de 2010)*, Oviedo [no prelo].

Arbor Aldea, M. (2011): “A fronte a *BV*: *res metrica* e *varia lectio* (II)”, in *Actas del XIV Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Murcia, 5-10 de septiembre de 2011)*, Murcia [no prelo].

Arbor Aldea, M. (2012): “*Mais bisílabo? Notas á marxe do Cancioneiro da Ajuda*”, in P. Lorenzo y S. Marcenaro (eds.), *El texto medieval. De la edición a la interpretación, Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, Anexo 68 [no prelo].

Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti). Cód. 10991, Lisboa: Biblioteca Nacional, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982.

Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cód. 4803), Lisboa: Centro de Estudos Filológicos-Instituto de Alta Cultura, 1973.

Cunha, C. Ferreira da (1961): *Estudos de Poética Trovadoresca. Versificação e ecdótica*, Rio de Janeiro: Ministério da Educação e Cultura, Instituto Nacional do Livro.

Ferreira, M. P. (1986): *O Som de Martin Codax. Sobre a dimensão musical da lírica galego-portuguesa (séculos XII-XIV)*, Lisboa: Unysis / Imprensa Nacional-Casa da Moeda.

Ferreira, M. P. (2005): *Cantus coronatus. 7 cantigas d’El-Rei Dom Dinis*, Kassel: Edition Reichenberger.

Ferreiro, M. (2009a): “Sobre a suposta crase de *que* na poesía trovadoresca galego-portuguesa”, in R. Pontes e E. Dias Martins (orgs.), *Anais. VII EIEM-Encontro Internacional de Estudos Medievais. Idade Média: permanência, atualização, residualidade*, Fortaleza-Rio de Janeiro: UFC-ABREM, pp. 487-495.

Ferreiro, M. (2009b): “Sobre a suposta crase da conxunción *se* na poesía trovadoresca galego-portuguesa”, comunicación presentada no *XIII Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval* (Valladolid, 15-19 de setembro de 2009) [non publicada nas Actas].

Ferreiro, M. (2011): “Sobre a partícula *ca* no corpus da lírica profana galego-portuguesa: integridade formal vs. elisión”, relatorio presentado no *X Congreso da Associação Internacional de Lusitanistas (Faro, 18 a 23 de Julho de 2011)* [no prelo].

Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição facsimilada do códice existente na Biblioteca da Ajuda, Lisboa: Edições Távola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, Biblioteca da Ajuda, 1994.

Gonçalves, E. (1993b): s.v. “Tradição manuscrita da poesia lírica”, in G. Lanciani e G. Tavani (dirs.), *Dicionário da Literatura Medieval Galega e Portuguesa*, Lisboa: Caminho, pp. 627-632.

Gonçalves, E. (1991): *Poesia de Rei: Três Notas Dionisinas*, Lisboa: Cosmos.

Lorenzo Gradín, P. (2009): “Sobre el cómputo métrico en la lírica gallego-portuguesa”, in F. Brugnolo e F. Gambino (eds.), *La lirica romanza del Medioevo. Storia, tradizioni, interpretazioni. Atti del VI convegno triennale della Società Italiana di Filologia Romanza (Padova-Stra, 27 settembre-1 ottobre 2006)*, Padova: Unipress, vol. II, pp. 493-508.

Rio Riande, G. del (2010): *Texto y contexto: El Cancionero del rey Don Denis de Portugal (Edición crítica y estudio filológico)*, Madrid: Universidad Complutense de Madrid (2 vols.) [tese de doutoramento inédita].

Sharrer, H. L. (1991): “Fragmentos de Sete Cantigas d’ Amor de D. Dinis, Musicadas – Uma Descoberta”, in *Actas do Congresso da Associação Hispánica de Literatura Medieval*, Lisboa: Cosmos, vol. I, pp. 13-29.